

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE  
RIBEIRA O DÍA 05 DE OUTUBRO DO 2023.

ASISTENTES:

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                       |                                                                                                                                                           |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>Presidente:</b><br/>PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p><b>Membros que asisten:</b><br/><br/>MARIÑO DE BRICIO VICENTE<br/>SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO<br/>VIDAL PEON XABIER<br/>POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA<br/>BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA<br/>ABRALDES PEREZ FERNANDO<br/>FURONES RAMOS JUAN LUIS</p> | <p><b>Interventor:</b><br/>BAO CASTRO PABLO</p> <p><b>Secretario Xeral:</b><br/>SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p><b>Membros que non asisten:</b></p> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Cinco de Outubro do Dous mil vinte e tres, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 17/08/2023)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 17/08/2023

**2.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 24/08/2023)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 24/08/2023

**3.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES (XGL 31/08/2023)**

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 31/08/2023



---

#### 4.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 07/09/2023)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 07/09/2023

---

#### 5.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 14/09/2023)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 14/09/2023

---

#### 6.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 21/09/2023)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 21/09/2023

---

#### 7.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES (XGL 28/09/2023)

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 28/09/2023

---

#### 8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/289

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/09/2023. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE RIBEIRA"

---

#### 9.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/290

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/09/2023. DECRETO: "ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SUMINISTRO DE CONTENEDORES PARA RECOGIDA DE BIORRESIDUOS Y CUBOS PARA GRANDES PRODUCTORES, SISTEMAS DE CONTROL DE ACCESO Y CUBOS DOMÉSTICOS, DESTINADOS AL CONCELLO DE RIBEIRA"

---

#### 10.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/254

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 21/09/2023. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE



DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADXUDICACIÓN DEL CONTRATO DE “MEJORA DE ECOSISTEMAS EN ENCLAVES NATURALES DEL AYUNTAMIENTO DE RIBEIRA MEDIANTE LA CONSERVACIÓN DE LA BIODIVERSIDAD EN EL RÍO ARTES Y EL MONTE DE SAN ALBERTO – FINANCIADO POR NEXT GENERATION EU””

---

**11.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/293**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/09/2023. DECRETO: CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “CONSTRUCCIÓN DE ASEOS PARA PÚBLICO E CANTINA NO COMPLEXO DEPORTIVO MUNICIPAL A FIEITEIRA”

---

**12.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/326**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/09/2023. DECRETO: “CANCELACIÓN E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEPOSITADA POR JUAN JOSÉ ARGIBAY SAMPEDRO PARA RESPONDER DO CONTRATO DA “SUBMINISTRACIÓN DA ESCULTURA DE MANUEL AYASO DIOS””

---

**13.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202309/344**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 28/09/2023. DECRETO: “2ª PRÓRROGA DO CONTRATO ASINADO CON “DOS MÁIS DOS ESPECTÁCULOS Y MANAGEMENT, S.L.” PARA O “DESEÑO E PRODUCCIÓN DE CARROZAS PARA A CABALGATA DE REIS DE RIBEIRA 2022 CON POSIBILIDADE DE PRÓRROGAS ANUAIS PARA OS ANOS 2023 E 2024.””

---

**14.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/011**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 03/10/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA “ILUMINACIÓN DECORATIVA DE NADAL DO CONCELLO DE RIBEIRA PARA O PERÍODO 2023/2024””

---

**15.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202310/017**

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 02/10/2023. DECRETO: “APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA EL CONTRATO DE SUMINISTRO DE “MEJORA DE LA SEGURIDAD VIAL EN PASOS DE PEATÓN DEL CONCELLO DE RIBEIRA””



## 16.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A RENOVACIÓN, E BAIXAS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES

FINALIDADE DA LICENZA DE VENDA AMBULANTE: Ocupación temporal no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 9.1 Sistema Xeral Portuario.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.-** Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa respectiva documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

**PRIMEIRO.-** A Parcela obxecto da edificación clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **URBANO CON ORDENANZA 9.1 SISTEMA XERAL PORTUARIO**.

#### ORDENANZA 9.1.- Desarrollo

La ordenanza correspondiente debe ajustarse a lo indicado en la Ley 27/1992, es decir, que debe establecer que el sistema general portuario se desenvuelve mediante un Plan Especial o instrumento equivalente, a formular por la Administración Portuaria, y que se instrumentará en la forma establecida en la citada Ley de Puertos. Asimismo, debe establecer que los usos, actividades, instalaciones, construcciones, etc. permitidas en las instalaciones portuarias serán acordes con usos portuarios y con fines propios de la Administración Portuaria.

#### ORDENANZA TRANSITORIA 9.2-

En ausencia de los correspondientes planes especiales que desarrollan el sistema general portuario, y hasta tanto no se redacten y entren en vigor, se estima conveniente el que se introduzca en el Plan Xeral, una normativa transitoria que se entienda, debe tener un carácter muy general, dada la peculiaridad de los puertos como soporte de un conjunto de actividades comerciales, industriales, de ocio y recreo, etc., en un proceso de permanente evolución como consecuencia de estar sometidas a una serie de complejos factores exteriores, la mayoría coyunturales, que por su dificultad, y en algunos casos, imposibilidad de predicción, exigen una normativa con la suficiente flexibilidad para permitir una rápida adaptación a las circunstancias de cada momento.

De esta forma también se evitará que determinadas obras en los Puertos puedan sufrir considerables retrasos e incluso paralizaciones, lo cual afectaría gravemente a la operatividad y desarrollo de los mismos, perjudicando notablemente su actividad, con los consiguientes perjuicios para los usuarios y, en general, para todo el Ayuntamiento, por la especial repercusión de la actividad portuaria en su economía.

Por lo tanto, el contenido de esta normativa será el siguiente:



Gestión y tutela de las zonas de servicio (sistema general portuario): cualquier actuación en su suelo, de carácter urbano, portuario, deberá contar con la previa concesión o autorización, según sea el caso, de los Organismos Portuarios competentes.

Usos permitidos: los indicados en la vigente Ley de Puertos del Estado y de la Marina Mercante.

Usos prohibidos: los también indicados en la vigente Ley anterior.

Alturas: la altura máxima de las edificaciones (de coronación) será de 12 metros exceptuándose de esta delimitación aquellas instalaciones singulares destinadas al servicio del puerto, tales como depósitos, silos, frío, torretas de alumbrado y balizamiento, etc.

Normas estéticas: las edificaciones deberán integrarse estéticamente en el conjunto del puerto, sin provocar roturas con el contorno, por diseño, color, remates, etc., debiéndose cumplir la normativa dictada por la Dirección General del Patrimonio de la Xunta de Galicia en la zona donde sea de aplicación.

**SEGUNDO.-** O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

**TERCEIRO.-** O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente constan as solicitudes presentadas polos interesados coa documentación esixida na Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exixirase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

**CUARTO.-** O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.



Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, esixíranse as autorizacións ou concesións preceptivas previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

**QUINTO.-** O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

**SEXTO.-** O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

**SÉTIMO.-** Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións





vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**OITAVO.-** Real Decreto 199/2010 de 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou no sedentaria.

**NOVENO.-** Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia en relación co Decreto 144/2016 do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.

**DÉCIMO.-** O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

**DÉCIMO PRIMEIRO.-** Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P nº 139 de data 22 de xullo de 2016, modificada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de xuño de 2017 e publicada no B.O.P nº 199 de data 19 de outubro de 2017.

**DÉCIMO SEGUNDO.-** No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

## RESOLUCIÓN

Vistas as solicitudes presentadas polos interesados/as coa documentación esixida no Ordenanza de venda ambulante aprobada polo Concello de Ribeira na data 28 de xaneiro de 2013 e publicada no B.O.P. na data 22 de xullo de 2016, para exercer a venda ambulante nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano orosa, de



data 02/10/2023, A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

**PRIMEIRO.- A APROBACIÓN DA SEGUINTE RELACIÓN DE SOLICITUDES ÁS QUE SE LLE CONCEDE RENOVACIÓN E BAIAS DE OCUPACIÓN POLAS QUE SE AUTORIZA A OCUPACIÓN TEMPORAL NA ZONA DE RECHEO PORTUARIO PARA EXERCER A VENDA AMBULANTE NAS SÚAS DISTINTAS MODALIDADES (EXERCICIO TRIM. 2/2023 e 3/2023)** nas súas distintas modalidades no mercado periódico que se celebra os sábados na zona Portuaria do Concello de Ribeira.

**BAIXA A EFECTOS DO TERCEIRO TRIMESTRE DO EXERCICIO 2023**

Mohamed Lougzili Talaa, con D.N.I. 46.096.875 E, titular do posto 137 do mercadillo de Ribeira cunha ocupación de 4 metros, dar o seu posto de baixa por non querer facer fronte as súas obrigas. Artigo 10. - Pagar as taxas correspondentes ao aproveitamento especial da vía pública. Artigo 12. e) A non utilización do posto durante 3 días consecutivos ou 8 alternos nun ano, sen causa xustificada, no caso dos mercados periódicos.

|     |                        |           |   |                      |
|-----|------------------------|-----------|---|----------------------|
| 137 | LOUGZILI TALAA MOHAMED | 46096875E | 4 | CALZADO – CONFECCIÓN |
|-----|------------------------|-----------|---|----------------------|

**RENOVACION A EFECTOS DO SEGUNDO TRIMESTRE 2023**

|     |                          |           |   |                      |
|-----|--------------------------|-----------|---|----------------------|
| 124 | FALL KEBE MOUSTAPHA      | 77543136Q | 3 | RESTO ACTIVIDADE     |
| 148 | GABARES MANZANO GREGORIO | 46903046C | 6 | CALZADO – CONFECCIÓN |

**SEGUNDO.- A autorización municipal constitúe o título habilitante para o exercicio 2023, e ampara así a venda ambulante que se ven realizando dende o 1 de xaneiro do exercicio 2017 no mercado periódico que se ven celebrando os sábados na zona Portuaria do Concello ata o 31 de decembro de 2023.**

A renovación da autorización realizarase no 1º trimestre natural cada ano. O concello de Ribeira poderá comprobar o estado das condicións que motivaron a adxudicación en calquera momento da vixencia da mesma. Cada ano renovarase o carné de vendedor ambulante, entre o 20 de xaneiro e o 20 de febreiro, esixindo en cada caso a documentación oportuna. **Anualmente terán que acreditar estar de alta na seguridade social, ter subscrito o seguro de responsabilidade civil, non ter débedas pendentes e aboar as taxas municipais correspondentes.**

**TERCEIRO.-** Durante a execución da venda ambulante non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**CUARTO.-** Durante a execución da venda ambulante adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe na actividade o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da actividade autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.





**QUINTO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da actividade aprecianse desviacións na execución da actividade respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**SEXTO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da actividade, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**SÉTIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

---

**17.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Daniel Davila Martínez (1)**

**Visto** o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 03/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.186), no que solicita autorización para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (cafetaría e refrescos), no Centro Deportivo A Fieiteira (Ribeira), os días 7 e 8/10/2023 (Campionato de Taekondo).

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto (3,00 m.) de venda ambulante (cafetaría e refrescos), no Centro Deportivo A Fieiteira (Ribeira), os días 7 e 8/10/2023 (Campionato de Taekondo).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



**18.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE**  
– Daniel Davila Martínez (2)

Visto o escrito presentado por **Daniel Davila Martínez**, de data 03/10/2023 (Registro de entrada nº 23.230), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Rosquillas), no nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Palmeira, os días 31/10/2023 e 01/11/2023 (Día de Todos os Santos).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- Autorizar** a **Daniel Davila Martínez** para a instalación dun posto de venda ambulante Rosquillas), no nas inmediacións do Cemiterio Municipal de Palmeira, os días 31/10/2023 e 01/11/2023 (Día de Todos os Santos).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**19.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA. PROMOTOR: MARIA JOSÉ COSTA GUERRA. LUGAR: CAMIÑO DO BRAÑAL, S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**

VISTA a **solicitud** de licenza urbanística de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA**, no lugar de **CAMIÑO DO BRAÑAL, S/N, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotora **DNA. MARIA JOSÉ COSTA GUERRA**.

**EXAMINADA** a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital favorable de **día 21 de agosto de 2023**, a **acta e plano de cesión** así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o **día 2 de marzo de 2023**, o **contrato de cesión** asinado o **día 25 de setembro de 2023** polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreo de **44,14 m<sup>2</sup>** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana, o **informe do técnico de administración xeral** de data **26 de setembro de 2023** e o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **26 de setembro de 2023**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO:- CONCEDER** a Dna.M<sup>a</sup> José Costa Guerra **LICENZA DE OBRAS (Nº 33/23)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** no Camiño do Brañal s/n, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref<sup>a</sup> catastral nº 15074A035003560000KS - 15074A035003500000KR, nos termos do **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data **14 de xullo de 2023** redactado por **Dna. M<sup>a</sup> Carmen Gago Fernández**, (arquitecto col. nº 2.498), Escritura de compravenda de 13 de xuño de 2022, baixo o nº 1.127 de protocolo, outorgadas perante a notario de Ribeira Dna.M<sup>a</sup> Covadonga Vázquez López.



*-En relación á superficie cedida a dominio e uso público afectada por aliñeacións de 44,14 m<sup>2</sup>), deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa ou simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da enxeñeira municipal unha fianza de 991,75 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.*

*-Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material** e de **Coordinación de Seguridade e Saúde** visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación*

**SEGUNDO.-** En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**TERCEIRO.-** A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

**CUARTO.-** Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizos.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

**QUINTO:-** Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os



*de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*

- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*

O

*s servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

**SEXTO:-** Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.



**SÉTIMO.-** Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

**OITAVO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

**NOVENO.-** O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

**DÉCIMO.-** Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

## 20.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Ángela García Caneda

**Visto** o escrito presentado por **Ángela García Caneda**, de data 21/09/2023 (Rexistro de entrada nº 21.847), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A028002530000KD e sita en Oleiros, Balteiro, 0005- B, Ribeira.

**Visto** o informe xurídico emitido ao respecto polo Polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/09/2023, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A028002530000KD e sita en Oleiros, Balteiro, 0005- B, Ribeira.



## 21.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Alberto González Romero

**Visto** o escrito presentado por **Alberto González Romero**, de data 12/07/2023 (Registro de entrada nº 16.910), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A938003050000UO.

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Técnico Municipal, Diego Hermida Varela, de data 26/09/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

### 01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:

Nome/razón social: Alberto González Romero

### 02.DATOS DA PARCELA

Localización: Rúa Buenos Aires. Corrubedo, Ribeira.

Ref. Catastral: 15074A051004210001LW

Plano do PXOM: Planos nº 2.10 e 7.3 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0305 do PBA

### 03.ANTECEDENTES

**03.01.** Con data do 12.07.2023, obtén rexistro de entrada (RE.: 16910), unha solicitude de información urbanística.

Achégase:

-Escrito de solicitude.

-Nota simple.

-Consulta descritiva e gráfica do Catastro da parcela 15074A051004210001LW.

-Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

### 04.NORMATIVA APLICABLE

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.

- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.

- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.

### 05.INFORME

O Concello de Ribeira conta cun plan xeral de ordenación aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM. Será de aplicación o establecido na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 e o Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico.

De acordo coa Disposición transitoria 1ª.2 da LSG, o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor desta lei e non adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela consonte a unha serie de regras.

#### 05.01.Réxime urbanístico:

A parcela para a que solicita información conta con dúas clasificacións, solo rústico e solo urbano.

A parte da parcela situada ao sueste no seu lindeiro coa estrada autonómica AC-550, divídese en dúas parcelas que se atopan en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Urbano correspondente coa Ordenanza 6.2, Residencial extensiva colectiva en hilera**. De conformidade coa Disposición Transitoria 1ª da LSG, apdo. 2 a) da LSG, ao solo urbano que reúna os requisitos do art. 17





a), aplicarásele o disposto na LSG para o solo urbano consolidado.

A continuación transcríbese o teor literal da ordenanza de aplicación:

**Artículo 156: Ordenanza 6.2 - Residencial extensiva colectiva en hilera.**

**1. Definición y ámbito**

Comprende esta Ordenanza las áreas de suelo urbano poco densificadas de los núcleos urbanos apoyándose sobre la red viaria tradicional, en las que se localizan viviendas colectivas adosadas a medianeras existentes, pareadas o aisladas con jardines en la parte de sus parcelas no edificada.

**1.1. Obras admisibles**

Son admisibles todo tipo de obras de:

Demolición

Reforma

Ampliación

Nueva planta

**1.2. Usos globales**

**Uso global:** residencial extensivo.

**Uso característico pormenorizado:** vivienda colectiva

**Usos admisibles:** sólo se admitirán además del uso característico, los terciarios que tengan una relación de dependencia directa con el uso principal, es decir, sólo se admitirán las oficinas, comercios y talleres de nivel de compatibilidad similar al doméstico.

**1.3. Tipologías edificatorias**

Vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera, que deberán justificar sus condiciones tipológicas para garantizar la integración de las nuevas edificaciones con las preexistentes.

Esta justificación será extensible a las condiciones geométricas, de la edificación, en coherencia con las condiciones generales de parcela.

**2. Parámetros de la edificación**

**2.1. Condiciones de la parcela**

**Parcela mínima:** 200 m<sup>2</sup>

**Frente mínimo:** Será de 10 m. pudiéndose autorizar la edificación en parcelas con frente menor 8 m. en el caso de viviendas adosadas a medianeras existentes o pareadas.

**2.2. Condiciones de ocupación**

**Ocupación máxima en parcela:** 50%.

**Retranqueos:** La posición de la edificación quedará retranqueada respecto a los linderos 3 metros y podrá retranquearse de la alineación hasta un máximo de 8 metros, pudiéndose adosar con uno de los colindantes previo acuerdo por escrito de las partes y obligándose a adosar en el caso de existir una edificación con medianera existente sobre dicha parcela; en caso de existir dos medianeras sobre una misma parcela, no se obligará a tener un frente mínimo de 8 metros, ni las demás condiciones de edificación.

**2.3. Condiciones de volumen**

**Edificabilidad:** 1,25 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup>

**Altura edificación:**

**Número plantas:** Bajo + una planta + Bajo cubierta, computándose a todos los efectos la edificabilidad consumida en espacios de altura superior a 1,5 metros. Se permite la planta sótano, con ocupación de toda la parcela para aparcamientos y servicios.

**H. máxima:** 6,5 metros

**Altura de coronación:** será de 4,00 metros sobre el último forjado.

**2.4. Elementos arquitectónicos**

Igual que la 6.1.

**2.5. Condiciones ambientales y estéticas**

La intención es la de conseguir una franja de edificación en baja densidad con gran proporción de espacios ajardinados y arboledas.

**Cerramientos exteriores y materiales:** La volumetría, composición, naturaleza, textura y color de los materiales serán acordes con los utilizados en el proceso de formación del paisaje histórico. Se



adoptarán solucións tipolóxicas propias do entorno. Se prohiben os muros de bloques sin revestir y pintar.


En la carpintería exterior del edificio se podrán utilizar madera, hierro, aluminio o plástico siempre que estén pintados, lacados o coloreados.

Se prohíbe el aluminio en su color natural.

**Composición de fachadas y huecos:** Se tomará como referencia la arquitectura popular existente en la zona.

Se recomienda que los huecos de las ventanas deberán tener forma cuadrada o rectangular, en este caso, el lado vertical será siempre mayor que el horizontal.

**Integración en el medio natural:** La edificación deberá estar integrada en el medio natural, debiendo quedar convenientemente ajardinado el espacio comprendido entre los edificios y los linderos de la parcela.



Plano nº 7.3 do PXOM. SÓLO URBANO

A parte da parcela situada ao noroeste, atópase en terreos clasificados polo PXOM de Ribeira como **Solo Rústico Común**.

De acordo coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 c), ao solo rústico aplicaráselle o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia para o solo rústico.

Da consulta do PBA, obsérvase que a parcela para a que se solicita información non contará con ningunha afección sectorial.

Os **usos e actividades permitidos**, o **réxime dos usos** e as **condicións xerais da edificación** para o solo rústico recóllense nos artigos 35, 36 e 39, respectivamente, da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

#### **05.02.Segregación parte rústica:**

No escrito presentado recóllese como consulta a posibilidade de segregación da parte rústica da finca.

Con respecto desta circunstancia faise necesario sinalar o recollido no punto 6 do artigo 150 da LSG, que sinala:

*“6. Toda parcelación urbanística, segregación o división de terrenos quedará sujeta a licencia municipal, salvo que el ayuntamiento declarase su innecesariedad. Será innecesario el otorgamiento de licencia cuando la división o segregación sea consecuencia de:*



- a) La aprobación de un proyecto de compensación, reparcelación o expropiación.  
b) La ejecución de infraestructuras y dotaciones públicas.  
c) **El otorgamiento por el planeamiento de distinta clasificación o calificación de la parcela de origen.**

O que quere dicir que o feito de contar con distinta clasificación ou calificación, como é o caso que nos ocupa, constitúe de facto distintas parcelas urbanísticas. Para o que deberá de solicitarse a correspondente declaración da innecesariedade da licenza de segregación.

Completa o artigo 150 da LSG, no seu punto 7 sinalando que *“Los notarios y registradores de la propiedad exigirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terrenos resolución administrativa en que se acredite el otorgamiento de la licencia municipal o declaración de su innecesariedad”*.

#### **05.03.Vivenda unifamiliar:**

Recóllese como consulta tamén, a posibilidade de construción de vivenda unifamiliar nalgũa das parcelas que están incluídas na finca orixinaria.

Como se recolle no punto 05.01 do presente informe, a ordenanza de aplicación é a Ordenanza 6.2, **Residencial extensiva colectiva** en hilera, que ten como **uso característico pormenorizado a vivienda colectiva**. E como **tipoloxía edificatoria a de vivienda colectiva adosada a medianeras existentes, pareada y en hilera**, que serán , polo tanto, as permitidas.

## **22.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Juana Domínguez Pérez**

**Visto** o escrito presentado por **Juana Domínguez Pérez**, de data 18/07/2023 (Rexistro de entrada nº 17.330), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A00701112, situada en Agro de Río Azor. Lugar de Insuela (Palmeira).

**Visto** o informe técnico emitido ao respecto pola Arquitecta Técnica Municipal, Nuria Morgade Pouso, de data 29/09/2023, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

#### **01.DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**

Nome/razón social: JUANA DOMÍNGUEZ PÉREZ

#### **02.DATOS DA PARCELA**

Localización: Agro de Río Azor. Lugar de Insuela (Palmeira)

Ref. Catastral: 15074A00701112

Ref. Rexistral (CRU):

**Plano do PXOM:** Planos nº 2.13 e 3.3 do PXOM de Ribeira; Folla 0151A-0605 do PBA

#### **03.ANTECEDENTES**

**03.01.** Con data do 18.07.2022, obtén rexistro de entrada (RE.: 217330), unha solicitude de información urbanística. Concretamente solicita aclaración sobre a posibilidade de edificar a parcela.

#### **04.NORMATIVA APLICABLE**

- **Plan Xeral de Ordenación de Ribeira**, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación municipal de Ribeira en sesión celebrada o día 17 de decembro de 2002, na súa vixente redacción, en adiante PXOM.

- **Lei 2/2016**, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG.

- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG.



- Decreto 213/2007, do 31 de outubro, polo que se aproban os estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia, en adiante PBA.
- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, en adiante, LEPARG.
- Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e competitividade económica de Galicia,
- Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos.
- Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación de Edificación (LOE).
- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas, en adiante LC.
- Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas, en adiante RC.
- Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral de Galicia, en adiante POL.
- Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Augas, en adiante TRLA.
- Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, que desenrola os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de Augas, en adiante RDPH.
- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, en adiante LEG.
- Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, en adiante LPCG.
- Lei 1/2019, do 22 abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.
- Lei 42/2007, do 13 de novembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.
- Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- Decreto 37/2014, do 27 de marzo, polo que se declaran zonas especiais de conservación dos lugares de importancia comunitaria de Galicia e se aproba o Plan director da Rede Natura 2000 de Galicia.
- Código Técnico da Edificación, (CTE) aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo; coas modificacións introducidas.
- Real Decreto 1371/2007, de 19 de outubro, polo que se aproba o documento básico “DB-HR Protección fronte ó ruído” do CTE e se modifica o Real Decreto 314/2006,
- Real Decreto 1675/2008 de 17 de outubro, polo que se modifica o Real Decreto 1371/2007,
- Orde de VIV/984/2009, de 15 de abril, pola que se modifican determinados documentos básicos do CTE e o Real Decreto 1371/2007 de 19 de outubro,
- Real Decreto 173/2010, de 19 de febreiro, polo que se modifica o CTE en materia de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade,
- Real Decreto 410/2010 de 31 de marzo, polo que se desenvolven os requisitos esixibles ás entidades de control de calidade da edificación e aos laboratorios de ensaios para o control de calidade da edificación, para el exercicio de súa actividade,
- Orde FOM/1635/2013, de 10 de setembro, pola que se actualiza o Documento Básico DB-HE “Aforro de Enerxía”, do CTE.
- As demais normas que sexan de aplicación, nomeadamente a lexislación vixente sobre o réxime do solo e a ordenación urbana.





## 05. INFORME

### 05.01. Réxime urbanístico:

A parcela atópase clasificada como Esta parte da parcela atópase clasificada como *solo urbano: Ordenanza 6.3 B – Residencial extensiva unifamiliar aislada* segundo o PXOM de Ribeira (Plano nº 3.3).

De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da LSG, apdo. 2 b), ao solo urbano dun PXOM sen adaptar á LOUGA, que non reúna os requisitos do disposto no art. 17 a) da LSG, aplicaráselle o disposto na LSG para o **solo urbano non consolidado**.

O artigo 18 da LSG, define como solar, as superficies de solo legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministro de enerxía eléctrica e alumeadado público, en condicións de potencia e caudal axeitados para os usos permitidos.

A parcela non conta con acceso por vía pública pavimentada, nin ningún dos outros servizos nomeados no parágrafo anterior

O art. 21.4 LSG dispón que **non poderá ser edificado nin parcelado ningún terreo que non teña a condición de solar**, salvo que se asegura a execución simultánea da urbanización e da edificación mediante aval que deberá acadar o custo estimado das obras de urbanización e as demais garantías que se determinen reglamentariamente.

### 05.02. Afeccións sectoriais:


De conformidade co PBA, a parcela no seu extremo Oeste, atópase na zona de policía de cauces de 100 m, regulada na lexislación en materia de augas (art. 6 do TRLA)

### 06. Conclusións:

A parcela referida **non é edificable**.

## ANEXO GRÁFICO

-Plano 8.2 do PXOM superposto co catastro. Cálculo da superficie de solo urbano non consolidado



Plano 8.2 do PXOM superposto co catastro. Cálculo da superficie de solo urbano non consolidado



### 23.- VAO PERMANENTE – José Teira Otero

Visto o escrito presentado por **José Teira Otero**, de data 31/07/2023 (Rexistro de entrada nº 19.927), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vionta, nº 1 (Ribeira).

**A Xunta de Goberno Local**, visto o informe de data 02/10/2023 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Teira Otero**, autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (3,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Vionta, nº 1 (Ribeira), con reforzo de pintado de liña amarela, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facelle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

### 24.- RESERVA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS (ALUMNOS) CON MOBILIDADE REDUCIDA – Colexio O Grupo

Vista a proposta presentada pola Policía Local, de data 28/09/2023, relativa á posibilidade de reservar unha praza de aparcamento para alumnos do colexio O Grupo con mobilidade reducida, en horario lectivo.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar que se complete a sinalización vertical de “aparcamento para discapacitados” cun cartel complementario coa seguinte inscrición: “*Os días lectivos, de 8:30 a 14:30 h, só alumnos do colexio O Grupo*”

### 25.- SINALIZACIÓN HORIZONTAL EN RÚA COLEXIO (CORRUBEDO)

Visto o informe (Parte de Servizo nº 7890) presentado pola Policía Local, de data 14/08/2023, no que recomenda a sinalización horizontal amarela continua no inicio da Rúa Colexio (marxe esquerda), co fin de facilitar as manobras de xiro dos vehículos de grandes dimensión en dirección a unha fábrica cercana.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a sinalización horizontal amarela continua no inicio da Rúa Colexio (marxe esquerda), segundo o contido do citado informe policial.





## 26.- MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA RÚA RÍO DO MAR (AGUIÑO)

**Vista** a proposta presentada pola Policía Local, de data 14/08/2023, relativa á mellora da seguridade viaria no entronque da Rúa Río do Mar (Aguíño) por ser un punto de siniestralidade.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar as medidas de mellora da seguridade viaria no entronque da Rúa Río do Mar (Aguíño), segundo o contido da citada proposta (Instalación de sinal de sentido obrigatorio e a división dos carrís de circulación no entronque para canalizar o tráfico, así como o pintado dunha marca viaria de STOP)

## 27.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Rosa María García Resúa

**VISTO** o escrito presentado por **Rosa María García Resúa**, en representación do establecemento “Cafetaría Kukua”, de data 26/09/2023 (Rexistro de entrada nº 22.262), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Cafetaría Kukua” (Ribeira), o día 12 de outubro de 2023, en horario de 20:00 h. a 23:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Rosa María García Resúa**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Cafetaría Kukua” (Ribeira), o día 12 de outubro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

### 5.- DATAS E HORARIOS:

**5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”:** entre 13.00 h e 16.00 h.

#### **5.2. Interior de Locais:**

##### **5.2.1. Café Bar:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

##### **5.2.2. Cafetería:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

##### **5.2.3. Pubs e café concerto:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

#### **5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:**

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.



**ACLARACIÓN:** Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

**SEGUNDO.-** Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor de "Cafetaría Kukua" (Ribeira) (**Rosa María García Resúa**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.



**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

## 28.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Fernando Varela Rodríguez

**VISTO** o escrito presentado por **Fernando Varela Rodríguez**, en representación do establecemento “Bar Clandestino”, de data 28/09/2023 (Rexistro de entrada nº 22.502), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 5 de outubro de 2023, en horario de 21:00 h. a 23:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **Fernando Varela Rodríguez**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 5 de outubro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

### 5.- DATAS E HORARIOS:

**5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”:** entre 13.00 h e 16.00 h.

**5.2. Interior de Locais:**



**5.2.1. Café Bar:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.2. Cafetería:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.3. Pubs e café concerto:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

**5.3. Exterior de locais:** Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

**ACLARACIÓN:** Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)”

**SEGUNDO.-** Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (**Fernando Varela Rodríguez**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con



percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”

- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

## 29.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Verónica Elena Nogueira Carrera

**VISTO** o escrito presentado por **Verónica Elena Nogueira Carrera**, en representación do establecemento “Café Bar O da Rubia”, de data 26/09/2023 (Rexistro de entrada nº 22.268), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 7 de outubro de 2023, en horario de 20:00 h. a 00:00 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

**PRIMEIRO.-** Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas



**instruccións)** a **Verónica Elena Nogueira Carrera**, para evento musical no establecemento hostaleiro “Café Bar O da Rubia” (Ribeira), o día 7 de outubro de 2023, nas condicións establecidas pola “Instruccións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)”

**5.- DATAS E HORARIOS:**

**5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”:** entre 13.00 h e 16.00 h.

**5.2. Interior de Locais:**

**5.2.1. Café Bar:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.2. Cafetería:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

**5.2.3. Pubs e café concerto:**

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

**5.3. Exterior de locais:** Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

**ACLARACIÓN:** Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

“(…)”

**SEGUNDO.-** Durante a celebración dos eventos a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar O da Rubia” (Ribeira) (**Verónica Elena Nogueira Carrera**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

**TERCEIRO.-** Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”





- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: "Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable."

**CUARTO.-** Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

**QUINTO.-** As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

**SEXTO.-** Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

**SÉTIMO.-** Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de



reposición da legalidade urbanística.

### 30.- APROBACIÓN DO PAGO DOS PREMIOS AOS MELLORES CLASIFICADOS ABSOLUTOS NA XXIV CARREIRA POPULAR SANTA UXÍA

**Visto** o informe do Técnico de Deportes, Javier Sampedro Sampedro, de data 02/10/2023, no que solicita o aboamento mediante transferencia bancaria dos premios aos mellores clasificados absolutos na “XXIV Carreira Popular Santa Uxía”, celebrada o 30/09/2023; e no que sinala:

*“1º.- Que o pasado sábado, 30 de setembro de 2023, disputouse en Ribeira a XXIV edición da CARREIRA POPULAR SANTA UXIA.*

*2º.- Que os premios aprobados para as persoas gañadoras da carreira absoluta, foron os seguintes:*

- Absoluto/a :1º.- 300,00 € .
- Absoluto/a: 2º- 150,00 € .
- Absoluto/a: 3º.- 90,00 € .

*3º.- A Clasificación xeral da proba, tanto en categoría masculina coma feminina, foi a seguinte:*

|                                               |
|-----------------------------------------------|
| 1º CLASIFICADO, PREMIO DE 300,00€:            |
| • NOME E APELIDOS: ALEJANDRO FERNÁNDEZ RIVERA |
| 2º CLASIFICADO, PREMIO DE 150,00€:            |
| • NOME E APELIDOS: HUGO GARCÍA SOUTO          |
| 3º CLASIFICADO, PREMIO DE 90,00€:             |
| • NOME E APELIDOS: BOUCHAIB WASR              |
| 1ª CLASIFICADA, PREMIO DE 300,00€:            |
| • NOME E APELIDOS: LAURA SANTOS DOMÍNGUEZ     |
| 2ª CLASIFICADA, PREMIO DE 150,00€:            |
| • NOME E APELIDOS: NOUHAILA EL GAZAOUIR       |
| 3ª CLASIFICADA, PREMIO DE 90,00€:             |
| • NOME E APELIDOS: TINA FERNÁNDEZ BARREIROS   |

*4º.- Segundo o regulamento da proba: “Os premios económicos serán aboados a través de transferencia bancaria, para o cal as/os atletas gañadoras/es terán que facilitar os seus datos persoais e bancarios unha vez remate a proba”.*

#### **SOLICITA:**

*Sexan abonados mediante transferencia bancaria os premios da XXIV CARREIRA POPULAR SANTA UXIA, segundo clasificación da proba relacionada anteriormente.”*

**A Xunta de Goberno Local**, vista a documentación que consta no expediente, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o pago mediante transferencia bancaria os premios aos mellores clasificados absolutos “XXIV Carreira Popular Santa Uxía”, según a clasificación obtida na citada proba, e según o sinalado no citado informe.



**31.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA EN RÚA LAGARTO (AGUIÑO) – Xabier Vidal Peón**

**Visto** o escrito presentado polo concelleiro **Xabier Vidal Peón**, de data 29/09/2023 (Registro nº SOLIC0005479), no que solicita o pintado de liña amarela de prohibido o estacionamento na Rúa Lagarto (Aguiño), por dificultade de entrada na rúa perpendicular por vehículos estacionados.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/10/2023.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar a prohibición de estacionamento na Rúa Lagarto (Aguiño), á altura do nº 19, sendo necesario o pintado dunha liña continúa de cor amarelo xunto ao borde da beiravía, que deberá ser de 12 metros de longo, segundo o contido do citado informe policial.

**32.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE BOLARDOS NA SAÍDA DE GARAXE SITUADO NO PASEO DAS CAROLINAS (RIBEIRA) – Asesoría Beny García, S.L.**

**Vistos** os escritos presentados por Emilio Picanes Mosquera en representación da **Asesoría Beny García, S.L.**, de data 27/09/2023 (Registros de entrada nº 22.352 e 22.364), nos que solicita a instalación de bolardos ou sistema semellante que impidan o estacionamento de vehículos na entrada/saída do garaxe situado no Paseo das Carolinas (Ribeira), dos que son titulares a Comunidade de Garaxes Avenida da Coruña, 70, por mor da problemática debido ao estacionamento de vehículos enriba da beirarrúa que dificultan o acceso/saída de vehículos do citado garaxe.

**Visto** o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 02/10/2023, no que sinala:

*“Que realizada la inspección ocular y conversación mantenida con los vecinos, estos manifiestan que como consecuencia de un local de comida en las inmediaciones, en concreto una pizzería los vehículos estacionan delante del garaje para recoger el pedido, el garaje esta señalizado correctamente mediante placa de vado y pintado de linea amarilla.*

*Por consiguiente la instalación de bolardos no impediría que los vehículos estacionen delante del garaje, más bien sería un obstáculo para los peatones.*

*Como medida disuasoria para evitar los estacionamientos indebidos sería la medida con mayor presencia policial, o en su defecto previo aviso a la Policía Local, sobre todo a partir de las 21:00 horas, como manifiestan los vecinos que es la hora de mayor afluencia de vehículos a la pizzería.”*

**A Xunta de Goberno Local**, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (art. 76 Lei 7/85 RBRL), e cos votos favorables do resto dos membros presentes, **acorda**:

- **Non autorizar** a instalación de bolardos ou sistema semellante que impidan o estacionamento de vehículos na entrada/saída do garaxe situado no Paseo das Carolinas (Ribeira), debido a que sería un obstáculo para os peóns máis que un impedimento para o estacionamento de vehículos, segundo o sinalado no citado informe policial.
- **Autorizar** como medida disuasoria para evitar os estacionamentos indebidos, a maior presenza policial, ou no seu defecto previo aviso á Policía Local, sobre



todo a partir das 21:00 horas, xa que é a hora de maior afluencia de vehículos, segundo o sinalado no citado informe policial.

### 33.- APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE NADAL 2023-2024 DE DESEÑO DE CARTEL E DE POSTAL DE NADAL

**VISTA** a proposta da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 03/10/2023, na que propón a aprobación da convocatoria e bases reguladoras do **Concurso de Nadal 2023-2024 de deseño cartel e de postal de Nadal**, según o contido do citada proposta; co obxectivo de poñer en valor e incentivar a participación da cidadanía nas celebracións de Nadal mediante a creación artística.

**Vista** a documentación que consta no expediente.

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

**APROBAR** a convocatoria e bases reguladoras do Concurso de Nadal 2023-2024 de deseño cartel e de postal de Nadal, según o contido do citada proposta.

### 34.- SOLICITUDE INSTALACIÓN DE NÚMERO DE PORTAL EN EDIFICIO SITUADO EN RÚA BARBANZA – C.P. Edificio Rúa Barbanza 24

**Visto** o escrito presentado por Manuel Rodríguez Ventoso en calidade de presidente da **C.P. Edificio Rúa Barbanza, 24**, de data 03/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.216), no que solicita que se lle conceda unha praca co número correspondente ao portal do edificio situado na Rúa Barbanza (Ribeira), neste caso o número 24, ao carecer dela.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** autorizar que sexa instalada por parte da comunidade de propietarios unha praca co número 24, correspondente ao portal do edificio situado na Rúa Barbanza (Ribeira), solicitada por Manuel Rodríguez Ventoso en calidade de presidente da C.P. Edificio Rúa Barbanza, 24.

### 35.- SOLICITUDE AMPLIACIÓN HORARIO DE PECHE EN TERRAZAS DE ESTABLECEMENTOS HOSTALEIROS – Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas

**Visto** o escrito presentado por Lois Lopes García en representación da **Asociación Empresarial da Restauración, Aloxamento e Turismo de Compostela e Comarcas**, de data 03/10/2023 (Rexistro de entrada nº 23.254), no que solicita a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas dos establecementos hostaleiros do Concello de Ribeira nas noites do venres 6 ao sábado 7 e do sábado 7 ao domingo 8 de outubro, establecendo o peche límite para as terrazas nas 02:30 h.

**A Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar**, de xeito extraordinario, a ampliación de 1 hora (unha hora) adicional sobre o horario de peche para as terrazas dos establecementos hostaleiros do



Concello de Ribeira nas noites do venres 6 ao sábado 7 e do sábado 7 ao domingo 8 de outubro, establecendo o peche límite para as terrazas nas 02:30 h.

- Dar traslado deste acordo á Policía Local pra o seu coñecemento

---

**36.- CAMBIO DE TITULARIDADE VAO PERMANENTE – C.P. Edificio Barbanza –Esquina Mariño de Rivera**

**Visto** o escrito presentado por Emilio Picanes Mosquera en representación de Asesoría Beny García, S.L., e á súa vez en representación da **C.P. Edificio Barbanza –Esquina Mariño de Rivera**, no que solicita o cambio de titularidade do vao permanente a nome de Contruccionen Sieira 2014, S.L., situado na Rúa Barbanza, nº 24 (Ribeira), a favor da **C.P. Edificio Barbanza –Esquina Mariño de Rivera**, con CIF nº B-70436605.

**Vista** a documentación que consta no expediente

**A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, coa abstención da concelleira Genoveva Betanzos Fernández (Art. 76 da Lei 7/85 LBRL), e cos votos favorables do resto dos membros presentes, **ACORDA autorizar o cambio de titularidade do vao permanente** a nome de Contruccionen Sieira 2014, S.L., situado na Rúa Barbanza, nº 24 (Ribeira), a favor da **C.P. Edificio Barbanza –Esquina Mariño de Rivera**, con CIF nº B-70436605

**A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.**

